

## O mercado de Sabarís

Escrito por Carlos Méixome  
Martes, 05 Xuño 2012 22:31

---



*Hai artigos xornalísticos que teñen a calidade de empurrarnos á reflexión. Por riba, a solidez da información fai que sobrevivan ao paso do tempo, mantendo vixencia a case unha década da súa escrita. É o caso deste texto do historiador Carlos Méixome sobre "O mercado de Sabarís", que Valminor.info rescata, con autorización do autor, e convida á súa lectura nun momento onde a vida deste histórico punto de encontro da bisbarra navega con ventos arremolinados. Ao parecer non é a primeira vez...*

(Álvaro Peralta / Redación)

### O mercado de Sabarís \*

As xentes que teñen que achegarse á ponte da Ramallosa un luns pola mañá saben moi ben que van topar as estradas inzadas de coches. A razón é que ese día celébrase un dos mercados máis concorridos da contorna: o de Sabarís. No mercado actual pode atopar o consumidor de todo, dende roupa ata apeiros de labranza, dende ferramenta de albanelería a toda caste de froita, dende mel ou limóns do país ata cans de raza ou de palleiro, dende compactos pirateados ata camisetas dos grupos musicais de moda, pasando por produtos de pastelería, chacinería, panadería... De todo hai no farturento mercado dos luns en Sabarís, que conta ademais, como diría o amigo Iglesias Viqueira, co atractivo de ter a dous quilómetros o casco da vila Baiona.

## O mercado de Sabarís

Escrito por Carlos Méixome  
Martes, 05 Xuño 2012 22:31

---

O mercado de Sabarís é un dos poucos exemplos que quedan de libre competencia comercial nesta fase de capitalismo monopolista, tamén nos circuitos de distribución e comercialización. Os 150 establecementos comerciais conviven, en perfecta harmonía, todos os luns con centos de postos ambulantes. Claro que a súa vocación comercial, se de tal cousa se pode falar ao referirnos a un lugar, vén de lonxe. Chamámoslle lugar porque non se sabe moi ben o que é, non é concello nin parroquia, pero concentra máis de dous mil habitantes.

Hai cen anos, Ulpiano Nogueira na súa *Baiona, antiga y moderna*, escrita conxuntamente con José de Santiago, falábanos xa da importancia económica da feira. Ao tempo que nos describe Sabarís como unha semi-vila na que hai numerosas tendas situadas a ambas as dúas beiras da estrada, nas que se abastecen os veciños das aldeas próximas, subliña tamén Nogueira que non hai casopas miserábeis, aínda que tampouco luxosos edificios, senón unha monotonía constructiva que pon de manifesto un certo benestar, sen a exposición de miseria que había noutros lugares do Val Miñor. Fálanos tamén das coloridas fachadas, que considera influencia dos moitos traballadores portugueses alí establecidos e que tiñan fama de ser uns auténticos artistas. Agora ben, para Ulpiano Nogueira o excepcional de Sabarís era a salientábel importancia económica que tiña para o Val a comezos do século. Descríbenola deste xeito nun texto que poñemos en galego:

*“Sabarís pode conceptuarse como o primeiro centro de transacción comercial que existe en todo o Val. O seu mercado semanal, de significativa importancia, é a principal fonte de riqueza que aquí existe, sendo ademais de suma e útil comodidade para o noso labrego, que obrigado a permanecer toda a semana en lugares afastados dedicado ás labouras agrícolas, atopa en día fixo un centro de contratación onde pode ofrecer con vantaxe as súas mercadorías. Este mercado, no que se venden produtos tan esencialmente variábeis como cereais, peixe, aves, etc., serve para cotizar estes artigos, variando a oferta e a demanda, segundo a época e circunstancias de orde económica .”*

# O mercado de Sabarís

Escrito por Carlos Méixome  
Martes, 05 Xuño 2012 22:31

